

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

ENGÁDEGA

AS NORMAS PRA A UNIFICAZÓN
DO IDIOMA GALEGO.

A Seizón de Filoloxía do «Seminario de Estudos Galegos», atenta sempre ao desenrolo da nosa lingua, sen mentes de lle marcar novos rumos non pode esquencer a súa obriga de estorbar que aquela de calquer maneira sexa malvada. Dendes da data de Outono de 1933, en que dou unhas «Normas pra a unificazón do idioma galego», algunhas ouservazós ten feitas, e coida que é comenente o coñocemento delas, engádego das normas de antes e como elas feitas pra uso privado do Seminario e sen rigurosas pretensiós centíficas.

—

1.—A vocal «a» latina por sí soia non da «e» en galego. Escríbase «alí», «aí», «así», «axiña», e non «elí», «eí», etc.

2.—O «e» latino prefírase conservalo cando a práctica dúbida entre o pasar a «i» ou non o cambear; así «mellor», «peor», «señor», «tería», «querido», «mentir», «pedir».

3.—O «i» e «u» latinos breves e os longos postónicos, cando non se perden, fanse «e» e «o» pechos

respeitivamente en galego. Escríbanse polo tanto «menor», «dereito», «soster», «sospirar», «bágoa», «chao», «Mateo», «ceo», «vontade», etc.

Exceizós.—Gábase a conservazón de «i», «u», nas voces cultas; así, «político», «católico», «tíduo», «lingua».

Débese conservar o «i», «u», nos casos consagrados polo uso; así «miudo», «Deus», «meu», «teu», «seu», etc., e na terceira persoa de singular do pasado perfecto de indicativo dos verbos da segunda e terceira conxugazón, v. gr. «meteu», «viveu».

4.—O «i» eufónico, que algúns usan diante do «a» tónico inicial, só pode tolerarse despóis do artigo «a»; así nunca «sua i-alma».

5.—O «b» e o «p» latinos endexamáis fan «v» en galego. Nunca «povo», «ceivar», «avril».

6.—Os verbos, cuio infinitivo remata en «er» ou «ir», úsense sempre en «er»; así «render», «caer», «escorrer», «engader», etc.

7.—O «e» eufónico despois dun «r» que remata palabra non debe escribirse; así «señor», «amar» e non «señore», «amare».

8.—«Daquí», «daí», «dalí», «dabondo», «daquella», son palabras compostas, como en castelán «empero», «apenas», e por esto non se deben escribir nin con apóstrofo nin con guión.

9.—O adverbio «aí» e o composto «velaí» non deben levar «h» intermedio por vir probablemente do latino «ibi».

10.—O plural do pronome «quen» é como en singular «quen» e non «quenes».

11.—A terminazón latina «aticum» endexamáis da «azgo» en galego; nunca «pontazgo», «achazgo».

12.—O ter evolucionado asegún as leis do noso idioma unha palabra culta non da dereito sempre a apricar aquelas ás derivadas suas; así «cadeira», mais non «cadeiral».

13.—O uso do verbo «haber» como auxiliar en galego nunca é dino de loubanza; mais non se pode tolerar no futuro perfecto de indicativo nen no pasado perfecto de subxuntivo nen a forma «hei», «has», etc., do mesmo tempo de indicativo.

14.—O adoitar a escritura destas «Normas» facer dos grupos latinos «tio», «tia», «cio», «cia» os galegos «zo», «za» atendendo á historia do noso idioma, non supón, fora dos casos consagrados, como «razón», «perguiza», «comparanza», preferimento algún sobre o uso de «cio», «cia», de influencia culta.

*A Direizón da Seizón de Filoloxía do
«Seminario de Estudos Galegos».*

Santiago, Abril de 1936.